

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000032.

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 13 de agosto de 2025, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

SECRETARÍA XERAL

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARIA/O XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE LUGO (2025/G004/000464).

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE INTERVENTOR/A XERAL DO CONCELLO DE LUGO (2025/G004/000465).

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA APERTURA DA CONVOCATORIA E DAS BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2025.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

PERSOAL

4. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE COBERTURA TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE ENCARGADO DA BRIGADA DE AUGAS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

FOMENTO

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN MODELO NORMALIZADO DE CONVENIO A TRAVÉS DO CAL SE CANALIZARÁN, SALVO EXCEPCIÓNS XUSTIFICADAS, AS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2025 E DELEGACIÓN NOS TENENTES/AS DE ALCALDE E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DAS ATRIBUCIÓNS CORRESPONDENTES Á APROBACIÓN DOS CONVENIOS REGULADORES DAS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS DO ANO 2025.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO TEXTO E SINATURA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SALAMANCA E O CONCELLO DE LUGO, PARA A REALIZACION DE PRÁCTICAS CURRICULARES DE GRAO POR PARTE DE ESTUDIANTES DA UNIVERSIDADE DE SALAMANCA.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

7. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN DE UN SERVICIO DE ELABORACIÓN DE UN PROTOCOLO PARA MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS EN FIESTAS DE INTERÉS TURÍSTICO ENMARCADO EN EL PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DESTINO DEL AYUNTAMIENTO DE LUGO “PSTD: ...ET EDENDO, LUCUS: UN RECORRIDO HISTÓRICO POR LA ENOGASTRONOMÍA” - FINANCIADO A TRAVÉS DEL MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO – PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA - FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA –NEXTGENERATIONEU - CÓDIGO DE PROYECTO: 23MRRXX43201. EXP. REF. 2025/C003/000004. ACUMULACIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN E RESOLUCIÓN.

8. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REURBANIZACIÓN DO CARRIL DAS FLORES. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025/C002/000018

9. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRME NA RÚA DA AGRICULTURA. EXP. REF.: 2025/C002/000010. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA INTERSECCIÓN DA AVENIDA AFONSO X, O SABIO COA RONDA DE FINGOI. EXP. REF.: 2025-C002-000009. ADXUDICACIÓN.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.